



Expediente núm: 5392/2024

Procedemento: Escolas Deportivas 2024-2025

Proposta da Concellería de Deportes

Vista a Providencia de Alcaldía na que solicita a redacción das bases reguladoras do funcionamento das Escolas Deportivas Municipais.

Tendo en conta o funcionamento normal das escolas, elevase a Xunta de Goberno Local para a súa aprobación a seguinte **PROPOSTA DE BASES REGULADORAS DAS ESCOLAS DEPORTIVAS DO CONCELLO DE BARBADÁS**

Artigo 1. Obxectivo, ámbito de aplicación e modalidades

1. As presentes bases teñen por obxeto regular o procedemento de admisión e funcionamento das Escolas Deportivas do Concello de Barbadás.
2. Os obxetivos da actividade serán os seguintes:
 - Realizar unha actividade deportiva.
 - Favorecer o desenvolvemento psicomotor, a coordinación e unha vida saudable.
 - Coñecemento de nocións básicas de cada modalidade deportiva.
 - Fomentar unha forma de vida activa.
3. As modalidades da Escolas Deportivas serán as seguintes:
 - Fútbol nados nos anos 2006 - 2020.
 - Ximnasia Rítmica nados nos anos 2007 - 2019.
 - Balonmán nados nos anos 2013 - 2018.
 - Ximnasia de Trampolín nados nos anos 2007 - 2020.
 - Baloncesto nados nos anos 2013 - 2018.
 - Kung Fu nados nos anos 2007 - 2018.

Artigo 2. Usuarios e destinatarios





1. Poderán ser usuarios das escolas deportivas as persoas comprendidas nas seguintes franxas de idade.

- Fútbol nados nos anos 2006 - 2020.
- Ximnasia Rítmica nados nos anos 2007 - 2019.
- Balonmán nados nos anos 2013 - 2018.
- Ximnasia de Trampolín nados nos anos 2007 - 2020.
- Baloncesto nados nos anos 2013 - 2018.
- Kung Fu nados nos anos 2007 - 2018.

2. Polos usuarios menores de idade actuarán no seu nome os seus representantes, nos termos do art. 5 da Lei 39/2015.

Artigo 3. Prazas ofertadas.

1. As escolas deportivas ofertarán as seguintes prazas.

- Fútbol: 280 prazas.
- Ximnasia Rítmica: 70 prazas.
- Balonmán: 20 prazas.
- Ximnasia de Trampolín: 60 prazas.
- Baloncesto: 60 prazas.
- Kung Fu: 60 prazas.

2. As persoas que ao finalizar a tempada deportiva teñan a condición de usuario inscrito e sigan en activo na actividade terán prioridade na inscrición do seguinte curso.

Artigo 4. Horario e calendario

1. O calendario comprenderá a tempada de realización do servizo que se desenvolverá, normalmente, entre os meses de setembro e xuño. Os días de comezo e finalización serán establecidos por Resolución de Alcaldía ou persoa na que se delegue e poderá comprender o comezo anticipado das actividades en función do calendario escolar ou deportivo.

2. O horario das actividades será o seguinte.

- Fútbol: Luns a venres de 16:15 a 20:45.
- Ximnasia Rítmica: Martes e Xoves de 16:00 a 20:00.





- Balonmán: Mércores e Venres 18:00 a 19:00.
- Ximnasia de Trampolín:
 - Luns de 16:00 a 17:00
 - Martes de 16:00 a 20:00
 - Mércores de 16:00 a 17:00
 - Xoves de 16:00 a 20:00
 - Venres de 16:00 a 17: 00.
- Baloncesto: Luns e Mércores de 18:00 a 19:30.
- Kung Fu: Martes a Venres de 18:00 a 20:00.

Artigo 5. Lugar de desenvolvemento.

1. A práctica deportiva terá lugar,

- Fútbol: Campo de Fútbol Os Carrís.
- Ximnasia Rítmica: Polideportivo Municipal de Barbadás.
- Balonmán: CEIP Ruxidoiro e Polideportivo Municipal de Barbadás.
- Ximnasia de Trampolín: Polideportivo Municipal de Barbadás.
- Baloncesto: Polideportivo Municipal de Barbadás.
- Kung Fu: CEIP Filomena Dato.

2. Sen perxuízo do anterior, cando as circunstancias o requiran e previo aviso ás persoas usuarios as modalidades poderán ser impartidas noutros centros deportivos do Concello de Barbadás.

Artigo 6. Normas básicas de funcionamento.

1. Sen perxuízo no disposto das Ordenanzas e Regulamentos do Concello que sexan de aplicación, a inscrición no servizo supón a aceptación das seguintes condicións:

- As ausencias sen xustificación de máis de 3 adestramentos suporá a perda do dereito a praza.
- O non cumprimento das regras básicas de comportamento e vestiario, as indicacións técnicas do persoal e mal comportamento de xeito habitual que afecte ao normal funcionamento da actividade suporá a perda do dereito a praza.
- A baixa polos motivos anteriores implicará a perda de toda preferencia na inscrición no seguinte curso.





2. A baixa na Escola deportiva deberá tramitarse por rexistro, nos medios e lugares establecidos pola normativa vixente.

Artigo 7. Material necesario.

1. Sen perxuízo dos materiais que poida facilitar o Concello, será por conta dos usuarios o equipamento deportivo de uso persoal necesario para a participación na actividade. A estes efectos, o Concello de Barbadás poderá establecer a uniformidade obrigatoria das Escolas Deportivas do Concello de Barbadás para adestramentos e competicións.

Artigo 8. Criterios de adxudicación.

1. No caso de que o número de prazas solicitadas non supere o número de prazas ofertadas, a adxudicación de prazas realizarase de forma directa.
2. No caso de que o número de prazas solicitadas si supere o número de prazas ofertadas, terán preferencia os usuarios inscritos no curso ou tempada anterior. No resto de casos, a adxudicación será por rigurosa orde de entrada en rexistro.
3. Os/as solicitantes non admitidos pasarán a formar parte dunha lista de espera, seguindo a orde establecida no apartado anterior.
4. A xestión da lista de espera farase por teléfono conforme as seguintes regras:
 - O chamamento farase por estrito orde de lista.
 - Deixarase constancia por escrito por parte do empregado municipal da aceptación ou renuncia.
 - No caso en que a persoa que acepte non formalice a inscrición ou pago nun período de 3 días hábiles procederase a chamar ao seguinte da lista. Este período poderá ser ampliado a petición do usuario por causas xustificadas.

Artigo 9. Prazo de presentación de solicitudes e calendario ordinario de inscricións.

1. O prazo ordinario para a presentación de solicitudes será o seguinte:
 - Pre-inscrición para usuarios con praza: do 15 ao 30 de abril ou inmediato día hábil seguinte.





- Pre-inscrición para usuarios sin praza: do 1 ao 15 de xuño ou inmediato día hábil seguinte.
- Publicación de listado provisional de admitidos: 1 de xullo ou inmediato día hábil seguinte.
- Periodo de emendas ou subsanacións: durante os primeiros 14 días naturais do mes de xullo.
- Publicación de listado definitivo de admitidos: 15 de xullo ou inmediato día hábil seguinte.
- Período de inscrición para novos admitidos: dende a data anterior ao 30 de agosto.

2. Os listados publicaranse na páxina web (www.barbadas.es) e no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Barbadás (<https://barbadas.sedelectronica.gal/info.0>)

3. Fora das datas establecidas no apartado 1 anterior, procederáse á admisión de solicitudes extemporáneas fora do período de inscrición, segundo o seguinte:

- De existir prazas dispoñibles procederáse á inscrición, previa acreditación da formalización da solicitude e do pago do ingreso que corresponda.
- De non existir prazas dispoñibles procederáse á inscrición na lista de espera no lugar que lle corresponda segundo a data de presentación.

Artigo 10. Forma de presentación de solicitudes.

1. Todos os documentos e solicitudes esixidos por estas bases poderán ser presentados nos lugares e medios establecidos no art. 16.4 da Lei 39/2015.

2. A título informativo, poderán ser presentados:

- De forma telemática a través dos Trámites establecidos especificamente na sede electrónica do Concello de Barbadás <https://barbadas.sedelectronica.gal>
- De forma presencial nas oficinas de rexistro do Concello (Casa do Concello, Oficinas A Valenzá), mediante o documento normalizado.

3. A data de solicitude será na que se formalice axeitadamente. No caso en que se empreguen medios diferentes dos anteriores e proceda a subsanación das solicitudes, tomarase como data aos efectos de orde e preferencia o momento no que se proceda á subsanación.





4. Non se admitirán solicitudes ou escritos por mail ou outros medios diferentes dos anteriores.

Artigo 11. Pagamento do servizo.

1. A inscrición e desfrute do curso nas diferentes modalidades da Escola deportiva devindicará o ingreso que se establezca no instrumento xurídico correspondente e obrigará ao pagamento do mesmo como condición de desfrute do mesmo.

2. O pagamento é a contraprestación ao curso completo polo que non procederá o prorrateo do curso nin supostos de devolución por causas de baixa ou renuncia, unha vez xerada a obriga de pagamento.

3. O pagamento farase efectivo no período ou calendario que se establezca e, en ausencia do mesmo, durante o mes de outubro.

4. O pagamento farase efectivo na modalidade de autoliquidación, sen perxuízo das facultades recadatorias que asisten ao Concello, quen poderá exercita a vía de constrinximento, xerada a obriga de pagamento.

Disposición adicional única.

1. A Concellaría de Deportes resérvase os cambios oportunos que poida considerar necesarios para o bó desenvolvemento das actividades.
2. A Concellaría queda facultada para actualizar o artigo 2 no referente aos anos de nacemento segundo a actualización das categorías federativas.
3. A participación nas Escolas Deportivas do Concello de Barbadás implica a aceptación das presentes bases.

Disposición transitoria única.

1. Para o curso 2024-2025 o prazo extra-ordinario para a presentación de solicitudes será o seguinte:

- Pre-inscrición para usuarios con praza: do 15 ao 30 de abril
- Pre-inscrición para usuarios sin praza: do 7 ao 24 de xuño
- Publicación de listado provisional de admitidos: 1 de xullo
- Periodo de emendas ou subsanacións: durante os primeiros 14 días naturais do mes de xullo.
- Publicación de listado definitivo de admitidos: 15 de xullo.





- Período de inscrición para novos admitidos: dende a data anterior ao 30 de agosto.

2. As pre-inscricións formuladas con anterioridade á aprobación destas bases das que exista constancia teranse por correctamente presentadas.

Disposición derogatoria única.

1. Queda derogada toda disposición ou instrumento regulador do servizo que contradiga ás presentes bases.

Disposición final única.

1. A Concellaría de Deportes queda facultada a introducir os cambios oportunos que poida considerar necesarios para o bó desenvolvemento das actividades e non contradiga ás presentes bases, así como a aclarar o contido das mesmas.

2. A participación nas Escolas Deportivas do Concello de Barbadás implica a aceptación das presentes bases.

En Barbadás, a data da sinatura dixital do documento

DOCUMENTO ASINADO DIXTALMENTE Á MARXE

